

TRABALLO CON DIGNIDADE

TEMPORALIZACIÓN: 4 sesións de clase

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE**0 TRABALLO CON DIGNIDADE**

Obxectivo: Reflexionar sobre o concepto de traballo. Recoñecer que tódalas persoas temos unhas necesidades básicas que necesitamos satisfacer para vivir unha vida digna.

Descrición: A partir da observación dos debuxos da portada abrirase un diálogo co grupo clase a cerca de cada unha das actividades que se reflicten.

Orientacións: O diálogo permitirá que se engadan outras actividades que realizan tanto os nenos como os adultos, en casa ou fóra dela. No taboleiro pódense anotar tódalas actividades, para que posteriormente analicen se as consideran traballo ou ben xogo ou ocio. É importante salientar que as actividades realizadas na escola son "o noso traballo". Hai que ter en conta que algúns traballos poden ser voluntarios ou caseiros e que todos contribúen para mellorar a vida dos demais.

Outras cuestións para comentar: ¿Tódolos traballos son importantes?, ¿por que?, ¿quen os realiza?, ¿para que traballamos?.

Ó mesmo tempo diferenciaremos os traballos que son remunerados dos que non. Deberemos lograr o recoñecemento de que o traballo remunerado proporciona o diñeiro que permite comprar bens e servicios que nos permiten satisfacer as necesidades básicas. Debemos recoñecer cales son estes a través dun listado de tódalas cousas que necesitamos para vivir, identificando aquelas que son imprescindibles para a vida (alimentación, vivenda, educación, saúde, contorno saudable...)

1 AS PERSOAS TRABALLADORAS TEÑEN DEREITOS

Obxectivo: Coñecer algúns dos Dereitos Laborais recoñecidos internacionalmente. Analizar o cumprimento dos dereitos laborais no noso país.

Descrición: Iniciarase a actividade anunciando o tema e preguntando por que cren que existen os dereitos laborais. Lerase o texto e aclaranse conceptos. Explicarase cales son os mecanismos para protexer e defender os dereitos laborais: Declaración universal de Dereitos Humanos, convencións da Organización Internacional do Traballo (OIT), leis nacionais. Posteriormente deberán pasarlles unha enquisa ás súas familias. Proponse un esquema que por indicación do docente pode ampliarse. Procederase ó baleirado das enquisas, e poderase obter un listado das problemáticas laborais detectadas. Se estades inscritos en Conectando mundos podedes descargar da web a enquisa para realizar esta actividade.

Orientacións: Coñecer os DDLL e descubrir que moitas veces estes se incumpren non soamente nos países do Sur. No noso país hai moitas persoas que non teñen condicións de traballo xustas ou satisfactorias: desemprego, condicións inxustas de traballo, contratos precarios, salarios mínimos... e que hai colectivos especialmente vulnerables: inmigrantes, mulleres, xente nova, maiores de 45 anos... persoas xubiladas que sobreviven con pensións que en moitos casos non chegan a cubrir as necesidades mínimas.

2 O DEREITO A TRABALLAR CON DIGNIDADE

Obxectivo: Vivenciar a través dun xogo as relacións de poder que existen nas relacións laborais propiciadas polo actual sistema de comercio internacional. Sensibilizarse cos traballadores e traballadoras do Sur que padecen situacións de inxustiza.

Descrición: Formaranse grupos de 5 ou 6 alumnos/as que xogarán de xeito independente. Lerase a historia despois do cal cada grupo deberá tomar unha decisión a cerca da situación presentada. O mestre/a distribuirá o tempo e irá agregando elementos para a análise. Lerá o primeiro texto e deixará 10' para o debate. Actuarase do mesmo xeito cos textos 2 e 3 pero reducindo o tempo entre si a 5'. Ó final farase un plenario para recoller as respostas e situacións creadas durante o xogo.

Orientacións: É importante facer notar que se vai realizar un xogo de simulación e que ten unhas regras establecidas. O realismo é importante, cómpre evitar bromas.

O xogo e as preguntas finais serven para analizar o poder das grandes empresas, pero é importante recordar que as empresas non son as únicas responsables senón que os gobernos tamén teñen a súa cota de responsabilidade. Os gobernos dos países ricos aproveitan as vantaxes que lles outorga o seu poder para obter beneficios comerciais a costa dos países pobres. Por outro lado os gobernos dos países pobres priorizan os intereses das empresas por riba dos dereitos dos traballadores.

Texto 1:

Véñenvos avisar que a empresa advertiu que tódalas persoas que non se reintegren inmediatamente ó traballo serán despedidas. Cómpre sacar a produción. Ademais a patronal pasoulle unha lista cos vosos nomes ós patróns doutras maquilas.

Se perdedes este traballo é posible que ninguén máis vos contrate... Pero se volvedes nestas condicións, está bastante claro que non conseguiredes nada máis que conservar o traballo. ¿Que decisión ides tomar?

Texto 2:

Infórmanvos de que hai unha ringleira de persoas esperando na porta da fábrica por se a empresa se decide a contratar novo persoal para facer o voso traballo. Estas persoas non saben o que está pasando e igual ca vós, precisan traballar para alimentar as súas familias.

¿Que facedes?

Texto 3:

Xa pasaron catro días desde que comezou a folga. Nas vosas casas só queda comida para dous ou tres días máis e case non vos queda diñeiro... O mensaxeiro da patronal vén dar o ultimato. A empresa decidiu o seguinte: se non vos reintegrades ó traballo en 24 horas, a fábrica pechará e trasladará toda a produción a outro país onde xa teñen outras sucursais. Alí os salarios son aínda máis baixos ca na vosa fábrica.

Polo contrario, se vos reintegrades ó traballo daránvos un aumento salarial dun 10% pero polo momento é imposible cumprir coas demais condicións.

Quedan 24 h. (5 minutos) para tomar a decisión definitiva. ¿Que decisión tomades?

3 DO XOGO Á REALIDADE

Obxectivos: Identificar as mulleres como as grandes perdedoras neste mundo desigual. Constatar que na maioría de países do Terceiro Mundo o traballo feminino é a base dos ingresos familiares.

Descrición: Procederese á lectura sobre as maquilas. Comentando o grande parecido coa situación vivida no xogo anterior.

Posteriormente en grupos analizarase o caso de Hermosa, unha traballadora que se ve impotente para cubrir as necesidades da súa familia a pesar da súa longa xornada laboral. Cada grupo intentará resolver a pregunta que se presenta e porase en común.

Orientacións: É importante que se dean conta da imposibilidade de satisfacer as necesidades básicas da súa familia por moitas horas que dedique ó seu traballo. Deberemos axudarlles a descubrir que só hai unha posibilidade matemática para que lle saian as contas a Hermosa: renunciar ó seus gastos. Aquí poderemos abrir o debate para ver que gastos pode eliminar. Seguramente deixar a escola ou pospoñer a vista ó médico serán as saídas inmediatas. En todo caso trátase de valorar que está entre a espada e a parede.

Así mesmo pódese animar a pensar noutras saídas, aínda que non sexan a curto prazo, como organizarse xunto con outras compañeiras para reivindicar melloras laborais e salariais.

4 PERO ...¿QUE TES TI QUE VER NISTO?

Obxectivos: Descubrir o papel e o poder que como consumidores podemos exercer cun consumo crítico e responsable. Fomentar a participación social e colectiva como estratexia para conseguir o respecto ós DDLL e o cambio das regras no comercio internacional. Dar a coñecer e promover o comercio Xusto.

Descrición: A partir dos contidos desenvolvidos no monográfico pódense pensar accións de participación persoal e colectiva e iniciativas que favorezan o respecto ós DDLL e o cambio das regras do comercio internacional. Buscar información das diferentes campañas que están en marcha e ver cómo se pode colaborar. Así mesmo para exercer un consumo responsable poden revisar as etiquetas dos produtos que habitualmente compran e intentar averiguar en que condicións se fabricaron.

Orientacións: A partir da reflexión do traballo realizado no monográfico propoñen accións concretas orientadas ó respecto dos dereitos de todas as persoas, a consumir responsablemente e a participar en accións da sociedade civil que promovan o cambio das regras internacionais de comercio e o respecto dos DDLL.



HAI MOITAS COUSAS QUE PODEDES FACER XUNTO A OUTRAS PERSOAS PARA QUE A SITUACIÓN DE MILLÓNS DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS CAMBIE...

A través de Internet animámoste a participar no contorno de comunicación interescolar "Conectando Mundos" de Intermón Oxfam. Co teu grupo clase convidámoste a completar unha enquisa sobre os dereitos laborais do contorno próximo ós alumnos e alumnas, a analizar conxuntamente con outras escolas os problemas que xurdan e propoñer vías de solución.

Na dirección web <http://www.intermonoxfam.org/conectandomundos> encontrarás a proposta detallada de "Conectando Mundos" para Terceiro Ciclo de Primaria.

3° Ciclo de Primaria

TRABALLO CON DIGNIDADE



Autora: Jennifer Williams Ramos



AS PERSOAS TRABALLADORAS TEÑEN DEREITOS

- Tódalas persoas teñen dereito a traballar e elixir libremente o seu traballo.
- Tódalas persoas teñen dereito a ter condicións de traballo xustas e satisfactorias.
- Tódalas persoas teñen dereito a un salario xusto que proporcione unha vida digna para toda a familia.
- Tódalas persoas teñen dereito á seguridade social en caso de desemprego, enfermidade ou velez.
- Tódalas persoas teñen dereito a fundar sindicatos e a formar parte deles.
- Tódalas persoas teñen dereito ó descanso, a gozar de tempo libre, a ter unha xornada razonable de traballo e a vacacións pagadas.
- Está prohibido o traballo forzado e existe unha idade mínima para comezar a traballar



Comenta estes dereitos coa túa familia e completa a seguinte enquisa:

Persoa entrevistada:

idade

¿Cres que todos estes dereitos se respectan no noso país?

Se a resposta é non, dime algúns exemplos de falta de cumprimento destes dereitos.

NOTA:

Se participas en Conectando mundos entra en www.IntermonOxfam.org/conectandomundos e utiliza a enquisa que encontrarás alí.

2

O DEREITO A TRABALLAR CON DIGNIDADE

Sodes traballadores dunha fábrica téxtil. Costouvos moito conseguir este emprego porque en San Salvador hai moita xente no paro.

A roupa que producides véndese en Europa e Estados Unidos con etiquetas de marcas moi coñecidas.

Os vosos horarios de traballo son os seguintes:

De luns a venres de 6.45 a 19.00 e sábados de 6.45 a 14.00 h

Estes días estades cosendo camisetas. Cada un de vós fai unha costura diferente da camiseta. A produción de camisetas é de 250 por hora. Tedes que traballar moi rápido e sen distraccións: unha costura detrás doutra sen levantar a cabeza da máquina de coser. As prendas que non están perfectamente acabadas non son aceptadas e descóntanvolas.



Algúns días non chegades a cumprir as metas establecidas e tédesvos que quedar facendo horas extras, horas que polo xeral non se pagan.

Por outro lado, o salario que vos pagan non chega para cubrir as necesidades básicas da vosa familia. Na fábrica ademais as condicións de traballo non son moi boas: hai poucos baños e vai moitísima calor case todo o ano porque non hai ventiladores. Se algunha persoa enferma e falta tres días, é despedida directamente.

Experiencias anteriores demostráronvos que as protestas individuais serven de pouco xa que a empresa despide ós desconformes e contrata a xente nova. Por iso esta vez con moitísimo esforzo lograstes formar un sindicato. Sodes optimistas porque o 80% dos traballadores e traballadoras integrouse nel. Na última asemblea decidistes iniciar unha folga e un enviado da patronal venvos dar unha mensaxe: a empresa precisa sacar con urxencia unha remesa de camisetas para unha multinacional europea. Se non se cumpre o pedido en dous días a empresa europea non lle comprará máis camisetas á fábrica onde traballades. O enviado di que non haberá represalias para as persoas que se reintegren inmediatamente ó traballo. Se o pedido se acaba a tempo a fábrica está disposta a dialogar sobre posibles melloras salariais. Das demais peticións non se dixo nada.

Cando o mensaxeiro se vai, vós discutides qué facer. Algunhas persoas desconfían das promesas patronais. Outras opinan que se trata dunha trampa para sacar a produción de camisetas a tempo. Alguén di que sería mellor regresar a traballar. Tedes que tomar unha decisión. ¿Cal é a túa opinión?

¿Como te sentiches durante o xogo?

¿Puidestes solucionar o problema de xeito satisfactorio? ¿Por que?

¿Pareceuche xusto o resultado final? ¿Por que?

¿En que se parece este xogo á realidade?



¿Sabes que é unha maquila?

A maquila é unha empresa que se dedica a montar pezas, elaborando o produto final. Require pouca tecnoloxía e man de obra masiva. As maquilas traballan para un contratista no Norte que lle proporciona a materia prima ou as pezas para ensamblar.

As maquilas adoitan instalarse nas "zonas francas", que son zonas industriais creadas polos gobernos do Sur para atraer os investimentos das grandes empresas chamadas "multinacionais". Para iso, os gobernos ofrecen grandes facilidades económicas ás empresas: as empresas non pagan impostos, poden sacar o diñeiro do país facilmente e contan con infraestrutura e servizos locais.

Nas maquilas o traballo realízano principalmente mulleres novas con pouca formación sobre os seus dereitos laborais. Moitas proveñen da zona rural. Os empresarios prefiren contratalas porque reciben un soldo máis baixo cós homes. Seleccionan mulleres soas ou nais con fillos porque dese xeito exercen maior presión para que traballen máis horas extra.



O caso de Hermosa:

Hermosa é unha nai solteira con tres fillos que traballa nunha fábrica de roupa no Salvador facendo camisetas deportivas para Adidas, Puma e Nike. Ó principio do 2000, preguntóuselle sobre os seus ingresos e gastos diarios. Son os seguintes:



Viaxe de ida e volta en autobús ó traballo	1,14 \$
Almorzo e xantar	2,28 \$
Cea para ela e os seus fillos	1,95 \$
Alugueiro da casa compartida	1,68 \$
Gastos de gas e electricidade	0,63 \$
Total	7,68 \$

Ademais paga os gastos escolares dos seus tres fillos, de 5,57\$ á semana, e extraordinarios, como zapatos para os nenos (entre 11 e 17 \$ o par) e gastos médicos (unha visita á clínica pública custa 3,43 \$).

Hermosa traballa todo o que pode, unhas 12 horas diarias, a 0,6 a hora, o que supoñen 7,2 \$ diarios. Érguese ás 4.30 e volve á cas ás 20.15 h.

¿Que pode facer Hermosa para cadrar as contas?

PERO... ¿QUE TES TI QUE VER CON ISTO?

Talvez te fagas esta pregunta despois de ter botado un vistazo á situación laboral de moitas persoas traballadoras do Norte e do Sur.

Ti tes un papel importante dentro deste mercado laboral:

COMO CONSUMIDOR OU CONSUMIDORA

- Coñecer e practicar o Comercio Xusto e o Consumo Responsable.
- Optar polos produtos que non impliquen condicións laborais indignas.
- Adquirir produtos que non prexudiquen o medio ambiente.

COMO FUTURO TRABALLADOR OU TRABALLADORA

- Coñecer e difundir os dereitos que amparan a tódalas persoas traballadoras.
- Identificar as situacións nas que se incumpren os dereitos laborais e denuncialos a través dos medios de comunicación, sindicatos e outras institucións que velen polos dereitos das persoas traballadoras.
- Informarse e comunicar no voso contorno as accións a favor dos traballadores que realizan os sindicatos: cursos de formación, asesoría legal, etc.



Investiga a cerca das seguintes campañas de mobilización social:

Roupa Limpa (www.pangea.org/ropalimpia)


Comercio con Justicia (www.comercioconjusticia.com)




En pequenos grupos averiguade en que consisten, a quen van dirixidas, que logros obtiveron, como se pode participar nelas, etc. E entre todos expoñer nun gran mural os contidos.

¿E NÓS QUE PODEMOS FACER?

Proposta de participación telemática escolar de Intermón Oxfam



conectando_mundos



Mudar as regras é posible,

a túa escola pode participar en CONECTANDO MUNDOS.

www.conectandomundos.org